

NA ARMH levamos, dende hai moitos anos, loitando polos dereitos humanos, desenvolvendo un longo traballo de investigación sobre as vítimas de desaparicións forzadas, asesinatos e execucións promovidos pola ditadura franquista, o que conleva unha labor de acompañamento dos familiares das mesmas, que tamén foron vítimas desta barbarie, que non poideron velar nin dar sepultura digna aos seus mortos, por estar enterrados en paraderos descoñecidos ou en lugares onde non se lles permitiu recuperar o seus corpos. No caso de Lugo levamos reclamando dende o 2017 un LUGAR DE ENCONTRO E MEMORIA para as vítimas sen tumba da ditadura franquista no cemiterio de San Froilan, onde os familiares teñan un lugar onde levarlles flores compartindo o seu recordo, un lugar de reparación de todo ese sufrimento que provocou a barbarie da ditadura.

1 PRESENTAMOS O PROXECTO en abril de 2023 por rexistro no Concello de Lugo. Dirixido a concellaría de Participación Cidadá (que é a que xestiona o cemiterio) da que non tivemos resposta algunha.

1.1 NOTA DE PRENSA DO CONCELLO:



Intentamos tamén que nos recibiran nesta Concellaría pero sin éxito algún.

E XA NON VOLVIMOS A SABER MAIS

2 PROHIBICIÓN DE CONCENTRACIÓN,

O 16 DE setembro do mesmo ano solicitamos poder facer unha pequena concentración con familiares das vítimas o 1º de novembro en reivindicación do lugar de memoria , que nos foi denegada alegando que íamos molestar a " milleiros de persoas que acoden para honrar aos seus familiares falecidos" con desprecio ás vítimas tratándoas como si fosen cidadáns de terceira clase.

3) ENVÍO DE CARTAS DE FAMILIARES A ALCALDÍA

- **13/12/24 Solicitouse cita coa alcaldesa acompañada de 10 cartas de familiares.**

4) ANUNCIO DA CONCELLARIA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ de colocación de escultura en recordo das vítimas do fascismo con data 13-08-24

Ao día seguinte de facer unha reportaxe na prensa con entrevistas, no lugar do cemiterio de San Froilan onde se reivindicou a colocación do memorial, a varios familiares de vítimas que foron fusiladas e desaparecidas no antigo cemiterio de Magoi , tivemos a sorpresa do anuncio por parte desta concellería da colocación dunha "escultura" referente ás vítimas do fascismo , coa que non se conta da máis mínima información , nin se fixo partícipes aos familiares, que son os que deben ser protagonistas de acordo coas resolucións das Nacións Unidas.

5) SOLICITUDE POR REXISTRO DE INFORMACIÓN SOBRE A ESCULTURA 21-08-24 de acordo coa Ley 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a la información pública y buen goberno" **Sen resposta**

6) NOTA DE PRENSA DA ARMH LUNS DIA 26 DE AGOSTO

AS FAMILIAS DOS DESAPARECIDOS LUCENSES POLA REPRESIÓN FRANQUISTA ESIXEN PARTICIPAR NO DESEÑO E UBICACIÓN DUN MEMORIAL NO CEMITERIO DE SAN FROILÁN.

OS FAMILIARES QUEREN O MONUMENTO NUN LUGAR BEN VISIBLE E NON NUN RECUNCHO **DO CEMITERIO.**

<https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2024/08/26/victimas-franquismo-lugo-reclaman-nuevo-memorial-cementerio-san-froilan/00031724689583877650952.htm>

7) ARTIGO EMILIO SILVA 30 de agosto día internacional da Desaparición Forzada SOLICITA
EU SE PERMITA A LOS FAMILIARS PARTICIPAR POR EXPRESO DESEXO DA ONU

UN MONUMENTO PARA LOS DESAPARECIDOS DE LAS REPRESIÓN FRANQUISTA,
UNA TUMBA PARA SILENCIO DE INSTITUCIONES

8) “CONVITE” POR CORREO ELECTRÓNICO A ARMH (á ADVF non se lle convocou e familiares
que saibamos tampouco)

Estimados amigos, chegou ata nos un convite (sen día, nen hora, nen lugar) no que a
concellería de Participación Cidadá vai presentar no cemiterio de San Froilan unha
"escultura" referente as vítimas do fascismo.

Xoves 5 de setembro carta

Por expresa indicación da Tenenta de Alcaldesa da Área de
Participación e Servizos para a Veciñanza, temos o pracer de
convidar á Asociación para a Recuperación da Memoria
Histórica á presentación da obra escultórica da autoría de
Alvaro de la Vega, que en memoria das vítimas da represión
franquista, este Concello ten previsto colocar en lugar de
especial significación do Cemiterio Municipal de San Froilán.

Un saúdo,

Amparo Rubinos Hermida
Xefa de Servizo
Participación e Atención cidadá
Concello de Lugo
982297203
amparo.rubinos@lugo.gal

9) COMUNICADO DA ARMH AOS FAMILIARES DAS VÍTIMAS

Dende a ARMH comunicamos que non temos nada que ver con esto. Despois de varias
reunións coa Concellaría onde presentamos o proxecto dun monolito que marcara un lugar de
memoria e onde ofrecer homenaxes, deixaron de contestar ós correos, posteriormente
anuncian unha escultura, solicitamos de novo información e non tivemos contestación.

**Descoñecemos por completo o que pretenden facer , dado que non houbo conversa
ninguna, nin coa ARMH, nin outras asociacións, nin cos familiares das vítimas. A
concellería de "Participación cidadá" non deixa participar.**

Lamentamos profundamente esta situación porque é un tema moi delicado de gran impacto
emocional. A Concellería non tivo a mais mínima consideración cos cidadáns que ademais,
neste caso, son vítimas. Lamentable!!!!

10) NOTICIA NA PRENSA O 7-09-24 da presentación da maqueta da escultura por parte da concellería ese mesmo día , supostamente no cemiterio de San Froilán

Non foi convocado ningún familiar , foron iñorados totalmente , o protagonismo foilles roubado por unha concellería que suponemos quere apropiarse dos méritos para sacar réditos políticos, aproveitando o sufrimento de familias de vítimas que foron secuestradas , asesinadas e os seus corpos desaparecidos sen tumba.

11) O 21/10/24 RECLAMASE ANTE A COMISION DE TRANSPARENCIA A DOCUMENTACIÓN DA OBRA ESCULTORICA QUE PRETENDEN POÑER NO CEMITERIO

12) O 13 DE NOVENBRO Envíansen por rexistro ao concello 5 cartas de familiares ante o ninguneo da concellería de participación.

13) 29/10/24 Concentración de familiares diante do Concello deLugo



14) 30/10/29 Ofrenda floral no cemiterio de San Froilán



Ofrenda floral en el cementerio de San Froilán a las víctimas de la dictadura franquista en Lugo

Familiares de vítimas de la dictadura franquista y colaboradores de la ARMH realizaron ayer una ofrenda floral en el cementerio de San Froilán en el lugar donde piden "un monumento digno de lembranza e recoleemento para os familiares das vítimas sen tumba do xenocidio franquista en Lugo e ante o ningúno da concellería de Participación".

15) 14/11/24 Nota de prensa da ARMH en nome dos familiares pola falta de atención .



16) 15/11/24 Anuncio do Concello da colocación da obra escultórica o 21 de novembro